

# CONCRECIÓN CURRICULAR



## **CONCRECIÓN CURRICULAR LIÑAS XERAIS**

<b>1- <u>INTRODUCCIÓN</u></b>	<b>03</b>
<b>2- <u>MARCO LEGISLATIVO</u></b>	<b>03</b>
<b>3- <u>ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS Ó CONTEXTO</u></b>	<b>06</b>
<b>4- <u>METODOLOXÍA</u></b>	<b>09</b>
<b>5- <u>PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS</u></b>	<b>12</b>
<b>6- <u>AVALIACIÓN</u></b>	<b>15</b>
<b>7- <u>PROCEDEMENTO PARA A DERIVACIÓN DO ALUMNADO A PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u></b>	<b>31</b>
<b>8- <u>PROMOCIÓN E TITULACIÓN</u></b>	<b>32</b>
<b>9- <u>MATERIAS IMPARTIDAS NA ESO</u></b>	<b>39</b>
<b>10- <u>MATERIAS IMPARTIDAS NO BACHARELATO</u></b>	<b>40</b>
<b>11- <u>MATERIAS IMPARTIDAS NA FP BÁSICA E CICLOS</u></b>	<b>43</b>
<b>12- <u>MATRÍCULA DE HONRA ESO E BACHARELATO</u></b>	<b>48</b>
<b>13- <u>HORARIOS</u></b>	<b>49</b>

## **1- INTRODUCCIÓN**

O IES Lauro Olmo ten como obxectivo fundamental a formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores dos alumnos-as en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.

O Instituto ten como obxectivo fundamental formar persoas para que convivan en sociedade. Estas persoas teñen que estar habituadas a desenvolver as súas actitudes dentro seguindo uns valores que han de prevalecer en todas as circunstancias. Entre estes valores destacaremos o do esforzo persoal e o de respecto ás outras persoas.

No noso centro consideramos fundamental o traballo para a adquisición de hábitos e comportamentos democrático: oír e escoitar as opinións doutras persoas aínda que non nos gusten, debater con orde os temas a tratar, analizando os proles e contras e non tomar decisións precipitadamente. O centro dará cabida nas súas actividades a todas aquelas nas que se poida desenvolver a capacidade creativa dos alumnos, fomentando esta a través de concursos literarios, musicais, de pintura, etc. Estimulará o espírito crítico no alumnado.

## **2- MARCO LEGISLATIVO**

### **ESO E BACHARELATO**

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015) (modificado polo Real Decreto/lei 5/2016. Deroga o carácter académico das avaliacións finais (BOE 10/12/2016)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015)
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 20/01/2015)
- Orde do 20 de marzo de 2018: Educación básica para as persoas adultas e establecemento do seu currículo
- Orde do 19 de abril de 2018: Organización das materias do bacharelato  
Resolución do 11 de maio de 2018: Instrucións para o desenvolvemento no curso académico 2018/19 do currículo ESO e bacharelato
- Orde do 7 de agosto de 2018: Ampliación das materias de libre configuración. Sociedade Inclusiva e Coeducación para o Século XX.
- Orde do 22 de abril do 2010 (DOG 4 maio do 2010) sobre o proceso a seguir para as reclamación das cualificacións en 2º Bacharelato.

## CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

### LEIS ESTATAIS:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, 2/2006, do 3 de maio, de educación, e 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral

### GALICIA

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a **ordenación profesional** do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se **regula a avaliación e a acreditación académica** do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se **regulan as ensinanzas de formación profesional básica** na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o **acceso** e a **admisión** nestas ensinanzas.

- Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se **establece**, con carácter experimental, a **ordención** da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas **modalidades a distancia e semipresencial**. **Nota:** Derrogados os artigos 3, 4, 5, 6, 7, e 8 pola orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan **instrucións para o desenvolvemento** dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no **curso 2018/19**.

## FP BÁSICA

- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.

## ENSINANZA DE ADULTOS

- Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. DOG 21 de xuño de 2010

### **3- ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ESO, BACHARELATOS E CICLO E ADECUACIÓN AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO.**

#### **3-1 Educación Secundaria Obrigatoria.ESO**

Segundo recolle a LOE A no seu artigo 23, A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

1.- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.

2- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia.

3.- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.

4.- Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.

5.- Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, asemade de análise sistemática e economía e eficacia, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.

6.- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora con sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local.

7.- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.

8.- Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.

9.- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, diálogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.

10.- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando o exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade plural. Ao asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

A adecuación destes obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural do centro, recollido no PEC, supón abranguer un amplo espectro de programas, dada a diversidade social e cultural propia do centro e do seu contorno. Neste sentido, partindo da responsabilidade e do respecto, foméntase a aprendizaxe autónoma, a animación á lectura e o desenvolvemento da expresión oral e escrita e as habilidades sociais en, mediante programas de acompañamento e dotando destes contidos os períodos lectivos de Atención Educativa e a optatividade.

Considerando o incremento do fluxo migratorio que ten O Barco nos últimos anos, faremos especial fincapé á aplicación de medidas de Compensación Educativa para favorecer a adquisición dos obxectivos xerais e as competencias básicas da E.S.O. por parte destes alumnos.

A educación en valores democráticos integrarase como un tema transversal máis ao longo de toda a etapa educativa, se ben, estes contidos adquiren unha maior imbricación na etapa da ESO a través da materia de Educación para a cidadanía.

### **3-2 Bacharelato.**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

1.- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso acordes con diferentes contextos sociais e culturais, e de comunicarse de xeito que establezan vínculos construtivos cos demais e co contorno.

2.- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer, previamente

establecidos.

3.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.

4.- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica e responsable, que fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade.

5.- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

6.- Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.

7.- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

8.- Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.

9.- Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia, asemade como capacitar para o acceso a educación superior ou ao ámbito laboral, e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida.

10.- Desenvolver a sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.

11.- Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.

**Finalidades:**

O bacharelato é unha etapa educativa de carácter propedéutico e terminal que forma parte da Educación Secundaria postobrigatoria e que ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais,



incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

**Estrutura:**

O bacharelato comprende dous cursos académicos e está organizado nas seguintes modalidades:

- Modalidade de Artes (organizada en dúas vías, a de Artes plásticas, deseño e imaxe e a de Artes escénicas, música e danza)
- Modalidade de Ciencias e tecnoloxía
- Modalidade de Humanidades e ciencias sociais

Cada modalidade está conformada por materias:

- Materias comúns para as distintas modalidades de Bacharelato e obrigatorias para tódolos alumnos e alumnas.
- Materias de modalidade, específicas de cada modalidade de Bacharelato.
- Materias optativas. As materias de cada modalidade poden ser, ó mesmo tempo, optativas para o resto das modalidades de bacharelato.

**Currículo:**

O currículo prescritivo das distintas materias para esta etapa educativa, é dicir, obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, establécese no Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG do 23 de xuño). A Orde do 25 de xuño de 2008 (DOG do 27 de xuño) establece a relación de materias optativas de Bacharelato, o seu currículo e regula a súa oferta.

**Acceso ó bacharelato:**

Poderá acceder ao Bacharelato, en calquera das súas modalidades, o alumnado que posúa algunha das seguintes titulacións:

- Título de graduado/a en Educación Secundaria.
- Título de Técnico, obtido tras cursar a formación profesional de grao medio.
- Título de Técnico Deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.

Poderá acceder aos estudos de Bacharelato na modalidade de Artes o alumnado que estea en posesión do título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño nos termos pevistas no artigo 53.2º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Ciclos Formativos:**

**4- METODOLOXÍA**

A metodoloxía é o sistema de ensino-aprendizaxe que se utiliza na aula, ou mellor, a forma concreta en que se regulan, organizan e relacionan entre si os diversos compoñentes que interveñen no proceso de aprendizaxe: obxectivos, contidos, actividades, recursos e, especialmente alumnado, profesorado e comunidade

educativa.

En atención á evolución psicopedagóxica dos alumnos, ás súas características e intereses, á súa capacidade para aprender por si mesmos, traballar en equipo e inicialos no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico, formulamos unha serie de criterios metodolóxicos xerais.

Consideramos importante establecer unha liñas metodolóxicas básicas que sirvan para as programacións didácticas das distintas áreas e/ou materias e cuxa finalidade sexa a adquisición de destrezas e coñecementos propios da área, así como o desenvolvemento das competencias básicas establecidas no marco da recomendación da Unión Europea, mediante o Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro.

Os principios metodolóxicos na **E.S.O.**, relaciónanse cunha concepción construtivista da aprendizaxe (aprendizaxe significativa), que se sustenta nos seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas. Buscando unha formación individual e personalizada polo que haberá que ter en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades, as súas motivacións, etc. (Avaliación inicial). Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, métodos, grupos de traballo, tempo e orde de contidos.
- Asegurar aprendizaxes significativas que estean relacionadas cos seus coñecementos previos.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas de forma autónoma.
- Proporcionar situacións motivadoras, nas que podan reflexionar e xustificar as súas actuacións.
- Uso de Metodoloxía activa que lle permita observar, reflexionar, participar, investigar..., a través do uso de recursos metodolóxicos variados: Libros de texto, libros de lectura, libros de Información e documentación, videos, transparencias, material informático, biblioteca, talleres, laboratorios, etc.flexibilizando, en cada caso,

os criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

- Visión integradora e funcional do tratamento dos contidos, cunha estruturación clara, aproveitando o ámbito máis e próximo ós intereses do alumnado o que permita a súa aplicación na vida cotiá.
- Traballo en grupo, que permita a aprendizaxe entre iguais como método poderoso para lograr a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de capacidades.
- Favorecer a autoestima, a autonomía e a autoavaliación que permita coñecerse mellor e que poida arbitrar medidas para a súa mellora.
- Favorecer aprendizaxes futuras: asentar bases que permitan o enriquecemento cultural e persoal con vistas a cumprir obxectivos posteriores.

Para desenvolver isto establécense os diversos tipos de actividades de:

- *Introdución-motivación*: Teñen que estimular o interese dos alumnos polo que respecta á realidade que van aprender-
- *Coñecementos previos*: Son os que se realizan para coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver; é dicir, o que o alumnado xa sabe.
- *Desenvolvemento*: Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes, e tamén as que permiten comunicar aos outros a tarefa feita.-
- *Síntese-resumo*: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- *Consolidación*: Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos-as, así como aplicar as aprendizaxes novas.
- *Recuperación*: Son as que se programan para os alumnos-as que non

alcanzaron os coñecementos traballados, nin desenvolveron as capacidades previstas.

- **Ampliación:** Son as que permiten continuar construíndo coñecementos aos alumnos-as que realizaron de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas e tamén as que non son imprescindibles no proceso, estimulando o alumno a comunicar cunha maior complexidade, precisión e riqueza do vocabulario, uso de estrutura máis complexas.

- **Avaliación:** Inclúen actividades dirixidas á avaliación inicial, formativa e sumativa que non estivesen cubertas polas actividades de aprendizaxe dos tipos anteriores

### **Ciclos formativos: metodoloxía.**

1. A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional.

2. As ensinanzas de formación profesional para as persoas adultas organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe, e adaptada ás súas condicións, capacidades, necesidades, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.

3. Nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso.

## **5- PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

**5-1 Instrucións para a elaboración de programación didácticas** Os Departamentos Didácticos elaborarán antes do comezo de cada curso as programacións das diferentes áreas, materias, módulos ou ámbitos que se imparten dende o departamento neste centro en cada etapa educativa. **A xefatura de cada departamento ten como función** a coordinación e a redacción da programación didáctica das áreas, materias e ámbitos do seu departamento. Presentará a programación para que a Xefatura de Estudos poda revisala e enviala á inspección nas datas sinaladas pola mesma. Ó inicio de cada curso escolar os membros de cada departamento informarán en cada materia, módulo ou ámbito, das liñas xerais da programación, facendo constar nas actas do departamento que se informou ó alumnado. Tamén informarán de que as programacións están para que podan ser revisadas polo alumnado

## MODELO DE PROGRAMACIÓN ESO E BACHARELATO IES LAURO OLMO

### 1. Índice paxinado

### 2. Introducción e contextualización.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competencias.

### 4. Concreción dos obxectivos para o curso.

### 5. Concreción dos contidos.

6. Concreción que recolla a relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis. Concreción, para cada estándar de:

- Temporalización.
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación *

\* Instrumento de avaliación: PE (Proba escrita), TO (Táboa de observación), LC (Lista de cotexo), C (Caderno), OU (Outros)

### 7. Metodoloxía didáctica.

### 8. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

9. Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 10. Procedemento de avaliación extraordinaria (ESO, BACH).

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (ESO, BACH).

**13. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (BACH).**

**14. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

**15. Medidas de atención á diversidade.**

**16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso - materia que corresponda.**

- Educación en valores
- Tratamento das TIC
- Comprensión lectora, expresión oral e escrita
- Igualdade
- Convivencia etc.

**17. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

**18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

**▪ Programacións en Ciclos formativos de FP**

As programacións de ciclos de Formación Profesional faranse na páxina de programacións creada pola consellería segundo o modelo establecido

Ven recollido no decreto 114/2010 do 1 de xullo (DOG 12 xullo do 2010), onde di:

1. Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se impartan as ensinanzas reguladas neste decreto.

2. A programación, que se organizará en unidades didácticas, deberá concretar os seguintes aspectos:

a) Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

b) Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha. Por cada unidade didáctica precisarase:

- Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.
- Obxectivos específicos.
- Contidos.

-Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

-Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.

c) Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

d) Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

e) Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

## **6- A AVALIACIÓN**

A avaliación é unha etapa do proceso educativo que ten como finalidade comprobar, de xeito sistemático, en que medida se lograron os obxectivos propostos con antelación. Entendendo á educación como un proceso sistemático, destinado a lograr cambios duradeiros e positivos na conduta dos suxeitos, integrados á mesma, sobre a base de obxectivos definidos en forma concreta, precisa, social e individualmente aceptables. " (D. Laforcade)

Existindo unha necesidade dun coidado maior do proceso formativo, onde a capacitación do alumnado está centrada na autoaprendizaxe, como proceso de desenvolvemento persoal. Baixo a perspectiva educativa, a avaliación debe adquirir unha nova dimensión, coa necesidade de personalizar e diferenciar o labor docente.

Cada alumno é un ser único, é unha realidade en desenvolvemento en razón das súas circunstancias persoais e sociais. Un modelo educativo moderno contemporiza a atención ao individuo, xunto cos obxectivos e as esixencias sociais.

As deficiencias do sistema tradicional de avaliación, deformaron o sistema educativo, xa que dada a importancia concedida ao resultado, o alumno xustifica o proceso educativo como unha forma de alcanzar este.

A avaliación debe permitir a adaptación dos programas educativos ás características individuais do alumno e detectar os seus puntos débiles, para poder corrixilos e ter un coñecemento axeitado de cada un.

Non pode ser reducida a unha simple cuestión metodolóxica, a unha simple "técnica" educativa, xa que non ten sentido por si mesma, senón como resultante do conxunto de relacións entre os obxectivos, os métodos, o modelo pedagóxico, os alumnos, a sociedade, o docente, etc. A avaliación cumpre así unha función na regulación e o control do sistema educativo, na relación do alumnado co coñecemento, dos profesorado co alumnado, dos alumnos e alumnas entre si, dos docentes e as familia.

A avaliación concíbese como un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada, que ten de ter por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos coma os procesos de ensino.

A concepción da avaliación está estreitamente relacionada coa da aprendizaxe e a do currículo. Grazas á avaliación, o profesorado e o alumnado

pode utilizar as informacións obtidas para orientar o traballo na aula e adaptalo co fin de lograr unha práctica pedagóxica máis axeitada.

As implicacións que dos principios psicopedagóxicos se seguen, principalmente para a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, responderemos ás preguntas: que?, como?, cando? e para que? avaliar.

### **6-1 COMO É A AVALIACIÓN?**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo. A Avaliación será **continua, formativa e integradora**. Cando o alumnado non leve o ritmo adecuado de aprendizaxe deberemos estudar realizar cambios na metodoloxía e proponer reforzos.

A avaliación será tamén personalizada; na que se fixan as metas que o alumno ha de alcanzar a partir de criterios derivados da súa propia situación inicial. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias clave, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, Terá como referentes os estándares de aprendizaxe e os obxectivos xerais da etapa. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos. A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente

Nas diferentes fases do proceso de avaliación do ensino-aprendizaxe, hai que distinguir :

**Avaliación Inicial**, realízase no mes de outubro, para determinar os coñecementos previos dos que partimos no proceso educativo. Busca determinar cales son as características do alumnado antes do desenvolvemento do programa de cada materia, módulo ou ámbito, co obxectivo de situalo no seu nivel, clasificalo e adecuar individualmente o punto de partida do proceso educativo.

Partindo desta predición, non só teremos en conta o que finalmente coñeza o alumnado, senón tamén o seu progreso e a súa evolución ó longo do curso.

A avaliación inicial permite o acercamento por parte do profesorado ós problemas ou situacións particulares que presenta un alumno-a con respecto a unha determinada materia.

Por parte dos titores, se realizará a través de cuestionarios, un labor de recompilación de datos persoais, familiares, antecedentes escolares, expectativas ou intereses, que serán valorados e dados a coñecer ó equipo docente dese alumno-a, cando os titores-as consideren que son significativos.

É fundamental que esta avaliación inicial sirva de punto de partida para a



toma de decisión e a aplicación de medidas correctoras oportunas. Estas medidas acordadas deben ser comunicadas polo titor-a á Xefatura de Estudos.

Os coñecementos previos do alumnado son fundamentais no proceso de aprendizaxe, polo que ó comezo de cada unidade didáctica o profesorado procurará ter información sobre eses coñecementos previos que o alumnado ten(a través de cuestionarios, entrevistas ou probas) para adecuar as actividades e estratexias de ensinanza máis acertadas en cada caso.

**Continúa:** Debe desenvolverse durante todo o proceso de aprendizaxe. Desta forma asegúrase que os alumnos están a alcanzar os obxectivos formulados. Ademais achéganos información para corrixir ou reorientar sobre a marcha o proceso de ensino.

**Formativa:** Recalca o carácter educativo e orientador propio da avaliación, é a súa máxima expresión. Refírese a todo o proceso de aprendizaxe do alumnado, dende a fase de detección das necesidades (inicial) ata o momento da avaliación final ou sumativa. Ten unha función de diagnóstico nas fases iniciais do proceso, e de orientación ao longo de todo o proceso e mesmo na fase final, cando a análise dos resultados alcanzados ten que proporcionar elementos de xuízo para a reorientación de todos os procedementos que interviñeron nel.

Permite ir realizando axustes en función da información que se vai producindo. Require unha observación sistemática do proceso ensino-aprendizaxe, de modo que cando se producen obstáculos podamos saber cales son as causas e de que maneira podemos corrixilos. Adquiren unha gran relevancia os instrumentos de avaliación, así como os criterios e estratexias comúns para o seu uso.

A avaliación formativa é a que permite cualificar ó alumno. Para isto toma datos da avaliación formativa e ademais pode usar outros obtidos en probas realizadas no proceso de aprendizaxe.

**Integradora** comporta valorar globalmente o traballo realizado en todas as áreas e o grao en que, con este traballo alcanzáronse os obxectivos xerais da etapa. Por tanto, en última instancia non se esixe que se alcancen os obxectivos propios de todas e cada unha das áreas.

## **6-2 - INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.
- Estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación.
- Actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Os instrumentos deben ser variados, proporcionar información concreta sobre

que avaliar sen distorsionar os datos na súa aplicación. Cando se fagan probas, utilizar formatos ou códigos diferentes (test, pregunta longa, pregunta curta, relación) de maneira que o código non sexa un obstáculo e o alumnado poda demostrar a aprendizaxe correcta dun contido. Que permitan que o alumnado corrixa os seus erros, na maior brevidade posible e de forma simultánea coa adquisición de competencias clave. Que algúns podan ser aplicados ademais de polo profesorado, polo alumnado como autoavaliación ou coavaliación.

Podemos utilizar moitos e variados instrumentos de avaliación, apuntaremos algúns:

- Observación sistemática do proceso de aprendizaxe a través do seguimento directo das actividades e recollida de información, de forma diaria, observando os aspectos seguintes: puntualidade, interese polas tarefas de clase, puntualidade na entrega de traballos, coidado dos materiais propios e dos compañeiros, coidado das instalacións do centro, actitude de respecto ós demais..
- Seguimento e análise das producións dos alumnos (individual ou en grupo) a través de:
  - Cadernos de traballo
  - Entrevistas
  - Traballos monográficos
  - Cuestionarios
  - Diario de clase.: Permite recoller información sobre a realidade cotiá
  - Debates, asembleas, saídas, probas específicas (orais ou escritas),
  - Probas ou exames

### **6-3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

DENDE O 2014-15 TEMOS ESTABLECIDA A LOMCE EN TODOS OS CURSOS DE ESO E BACHARELATO. **Os criterios de avaliación son o principal referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar.**

Refírense taxativamente aos coñecementos que o alumnado debe saber e o que debe saber facer con eles, é dicir, á adquisición das sete competencias clave.

As competencias clave son:

**1. Competencia en comunicación lingüística.** Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

**2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

**3. Competencia dixital.** Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

**4. Aprender a aprender.** É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolver a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

**5. Competencias sociais e cívicas.** Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

**6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.** Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

**7. Conciencia e expresións culturais.** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción **nos estándares de aprendizaxe avaliados**. Os **estándares básicos de aprendizaxe deben corresponderse coas aprendizaxes mínimas imprescindibles que o alumnado ten que alcanzar na materia ao longo do curso para poder superala**.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

**Todo o alumnado recibirá a principio de curso a información sobre os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe de cada materia.** Por iso, ao analizar un criterio de avaliación habemos de diferenciar a parte teórica que se refire á adquisición dos coñecementos puros e a parte práctica que se refire ao que debe saber facer con eles para mellorar as súas competencias.

#### **6-4 A PROMOCIÓN:**

**PROMOCIÓN:** Na ESO todo o alumnado promocionará de curso, sempre que aprobe como mínimo todas as materias agás dúas, sempre que estas non sexan, Matemáticas e Lingua e Literatura Galega ou Matemáticas e Lingua e Literatura Castelá. De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun

alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientado.

AS PROBAS EXTERNAS: AS ABAU Faranse en 2º de bacharelato segundo os criterios marcados pola CIUG no mes de xuño e setembro. Constarán dunha fase xeral puntuada ata 10 puntos coas materias troncais de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Historia de España, Inglés e a materia troncal de cada modalidade (Matemáticas Aplicada ás CCSS, Matemáticas ou Latín) e una parte específica na que o alumnado elixirá materias da súa modalidade das que se vai matricular, esta fase pode sumar catro puntos máis. Dous por materia.

## **6-5 AVALIACIÓN EN CICLOS FORMATIVOS:**

### Procedementos para a avaliación do alumnado.

- Os procedementos de avaliación aplicados polo equipo docente terán en conta a competencia xeral e as capacidades profesionais, persoais e sociais características do título, que constitúen a referencia para definir os obxectivos xerais do ciclo formativo e os obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe, dos módulos profesionais que o conforman. A valoración do grao de consecución destes resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo.
- Na avaliación do módulo de formación en centros de traballo, terase en conta a valoración feita pola persoa ou as persoas responsables designadas polos correspondentes centros de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estada nestes.
- Os procesos de avaliación adecuaranse ás necesidades metodolóxicas que presenta o alumnado con necesidades específicas, e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.

O alumnado poderá ser avaliado dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, con independencia do réxime ou da modalidade que se curse, agás no caso do módulo profesional de formación en centros de traballo, que o será de dúas. O alumnado que esgote as **catro convocatorias previstas** no punto anterior por motivos de doenza, discapacidade, sufrir unha situación de violencia de xénero ou

outros que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos poderá solicitar unha convocatoria extraordinaria polo procedemento que determine a consellería con competencias en materia de educación, para rematar os seus estudos.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos que se seguirán nos casos de traslado, renuncia e baixa de matrícula para a oferta completa e parcial.

- O profesorado avaliará, de xeito individual e en equipo, tanto as aprendizaxes dos alumnos e das alumnas como a súa propia práctica docente.
- Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento a que se refire o artigo 34<sup>o</sup>.4 do presente decreto, e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.
- A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer o número de faltas que implique a perda do dereito á avaliación continua.
- No desenvolvemento do currículo mediante a elaboración das correspondentes programacións dos módulos profesionais, tal e como se establece no artigo 34<sup>o</sup> deste decreto, prestarase especial atención á toma de decisións propias do proceso de avaliación e, en particular:

Dos procedementos para avaliar o progreso da aprendizaxe do alumnado e á correspondencia entre os instrumentos xerais de avaliación e os criterios de avaliación.

b) Á planificación das actividades de recuperación de módulos profesionais pendentes, e expresamente aquelas que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.

c) Os criterios e ás pautas de avaliación que compre ter en conta na avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais ou con algún tipo de discapacidade.

Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, para cada módulo profesional deberase informar dos criterios de avaliación que se vaian aplicar para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como do nivel mínimo que se considere suficiente para alcanzar a avaliación positiva.

En todo caso, cando se trate de formación dirixida a persoas adultas, o proceso avaliador adaptarase ás súas peculiaridades.

## **6-6 Avaliación das ensinanzas básicas de adultos.**

- a) A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumno en todos os ámbitos de coñecemento. Terá en conta tanto as aprendizaxes dos alumnos como o proceso de ensino, e basearase no seguimento e valoración sistemática do traballo durante o desenvolvemento das actividades educativas realizadas. As probas escritas contempladas no apartado seguinte serán un elemento máis no proceso de avaliación do alumnado.
- b) Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, e para que o profesorado dispoña de máis elementos de xuízo á hora de establecer a cualificación do módulo correspondente, na educación secundaria para persoas adultas, realizarase unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran cada módulo, dentro dos tres ámbitos de coñecemento. Estas avaliacións facilitarán a comprobación do progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitarán tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais. Inmediatamente antes da realización da avaliación do segundo bloque, realizarase a proba de recuperación do primeiro, para aquel alumnado que obtivera avaliación negativa nel. Igualmente, unha vez realizada a avaliación do segundo bloque, en caso de que esta resultase negativa, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación do bloque segundo. As actividades de avaliación estarán integradas no proceso formativo.
- c) A avaliación final da educación secundaria para persoas adultas realizarase por bloques de contidos de tal maneira que a nota final do módulo será a media dos bloques cursados nun cuatrimestre. Cando un alumno obteña unha cualificación negativa nun ámbito por ter un ou máis bloques sen superar no mesmo cuatrimestre, antes de emitir a nota final, deberá propoñerse para realizar unha proba de recuperación coa que se valorará as aprendizaxes de todo ámbito adquiridas. Esta proba de recuperación aplicarase só aos bloques nos que teña avaliación negativa.
- d) A valoración do alumnado será realizada polo profesor correspondente en colaboración co equipo docente e terá en conta, dunha maneira especial, a madurez persoal e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos.
- e) Cando no ámbito de comunicación da educación secundaria para persoas adultas interveñan dous profesores ou profesoras, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, de xeito que o submódulo de lingua estranxeira nunca teña unha valoración superior ao 30% da cualificación do módulo correspondente.
- í) Cando o ámbito Científico-tecnolóxico sexa impartido por dous profesores ou profesoras, no caso de impartir o ámbito nunha proporción do 50%, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada das dúas cualificacións achegadas por cada un dos profesos ou profesoras, de xeito

que cada unha das cualificacións supoña o cincuenta por cento da cualificación final do módulo correspondente. Para outro reparto da materia, para a cualificación do ámbito, seguiranse criterios proporcionais.

g) Unha vez celebradas as correspondentes sesións de avaliación darase información dos resultados ao alumnado

#### **- Perda do dereito de avaliación continua nas ensinanzas básicas de adultos.**

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido.
- En todos os ámbitos, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para todos os ámbitos, áreas ou materias nos que estea matriculado.

#### **- Avaliación extraordinaria**

O alumnado que tras a avaliación final ordinaria teña algún ámbito avalado con cualificación negativa e sen promover poderá presentarse para realizar a avaliación extraordinaria nos meses de maio e setembro nos seguintes casos:

- O alumnado que durante o primeiro cuadrimestre, de setembro a xaneiro, non supere ou non sexa promovido ao módulo seguinte, así como o que figure como non presentado nas actas da avaliación ordinaria do mes de xaneiro, terá dereito a unha única avaliación extraordinaria na convocatoria do mes de maio.
- O alumnado que figure como non presentado ou con algún ámbito sen promocionar as actas da avaliación ordinaria do mes de xuño terá dereito a unha avaliación extraordinaria na convocatoria de setembro.

#### **6-7 Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**

1. A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese, con carácter xeral, polo disposto nesta orde.

2. Sen prexuízo do anteriormente indicado, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares significativas, de acordo co artigo 14.4º do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

#### **6-8 INFORMACIÓN SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**Os criterios de avaliación en cada materia serán comunicados por cada profesor ou profesora ó grupo de alumnos e alumnas correspondente ó inicio do curso,** deben de coincidir co recollido na programación anual de cada departamento..

A avaliación extraordinaria farase no caso de que un alumno ou alumna xustifique unha enfermidade grave e suficientemente documentada a xuízo do titor ou titora ou alegue causas de gravidade que impidan a normal avaliación continua. No caso de que o alumno ou alumna acumule o número de faltas necesario para a perda do dereito de avaliación continua, tamén será avaliado de forma extraordinaria cunha ou varias probas, mediante as que se determinará se alcanzou os obxectivos que se requiren para superar a materia. Estes exames extraordinarios realizaranse en cada avaliación.

O alumnado ou os seus representantes legais poderán reclamar, ante a dirección do centro, contra as cualificacións que se obteñan ó finalizar un ciclo ou curso. O prazo de reclamación é de cinco días a partir da entrega do boletín de notas. O director ou directora deberá resolver a reclamación nun prazo de cinco días naturais.

## **6-9 ORGANIZACIÓN DAS PROBAS DURANTE A AVALIACIÓN**

**O titor ou titora co delegado ou delegada, coordinarase co profesorado do grupo para elabora-lo calendario de probas finais de cada avaliación e as recuperacións, o profesorado do grupo deberá respectar estas datas para que os exames non coincidan e que o rendemento do alumnado sexa mellor.**

### **6-9-1 QUEN AVALÍA?**

- ***A avaliación será realizada polo equipo docente de cada grupo coordinados polo Profesor titor-a. Xeralmente estarán presentes o Orientador-a e un membro do Equipo directivo.*** Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno en relación co grao de desenvolvemento das competencias básicas e coa consecución dos obxectivos previstos para cada unha das materias e/ou ámbitos e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deban adoptar, sexa de forma xeral ou nalgunha das materias, orientadas á mellora do seu proceso de aprendizaxe
- Os devanditos Profesores actuarán de xeito colexiado ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do proceso.
- Evitaremos en todo momento cotilleos ou palabras non adecuadas para referirnos ó alumnado.

**Nas reunións de EQUIPOS DOCENTES valorarán os seguintes aspectos:**

- Impresións de cada un dos profesores sobre o proceso de ensino-aprendizaxe do grupo.
- Coordinación didáctica e interdisciplinar entre as distintas.
- áreas/materias: seguimento das programacións de aula (adaptacións, redución e/ou ampliación de contidos).
- Conveniencia de derivación de alumnado con necesidades educativas especiais cara aos diferentes programas de apoio, ou



saída destes unha vez alcanzados os seus obxectivos.

**Nas XUNTAS DE AVALIACIÓN distribuiranse do seguinte modo:**

- O titor achegará información que considere indispensable sobre cada alumno-a. escollerá os aspectos fundamentais que lle aporte cada profesor sobre o alumnado en cada materia, módulo ou ámbito, sen limitarse a dar só a cualificación, para que esta información sirva de base para a rectificación de actitudes no alumnado, para mellorar accións futuras do profesorado, para buscar melloras alternativas no plantexamento docente, e tamén para informar a pais, nais e titores-as legais do alumnado, buscando sempre a mellora do proceso ensinanza aprendizaxe co apoio de todos-as.
- Unha vez concluída a avaliación, o Titor-a, de xeito claro e conciso reflectirá nun informe :
  - A valoración acerca dos resultados de avaliación do grupo.
  - Os casos particulares e medidas adoptadas.
  - O reflexo de aprobados/suspensos.
  - Valoración sobre o proceso de ensino.
  - Acordos adoptados.

As cualificacións reflectiranse nun boletín de notas e as correspondentes á avaliación dos alumnos con necesidades educativas especiais expresaranse nos mesmos termos e utilizando as mesmas escalas que os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. No caso de alumnos aos que se aplicasen adaptacións curriculares significativas consignaranse as siglas ACS nos documentos de avaliación en que se requiran, así como cantas observacións sexan precisas.

**O titor tras cada avaliación informará ó grupo-clase**, dos acordos tomados na avaliación que afecten a todo o grupo, e de forma individualizada nunha entrevista con cada alumno-a, dos aspectos que lles afecten individualmente, referidos polo profesorado na avaliación..

Os pais e nais ou titores-as legais do alumnado serán informados sobre o progreso dos seus fillos, mediante entrevistas cos titores-as, comunicacións escritas ó seu domicilio e chamadas telefónicas, segundo as circunstancias (escasa facilidade para vir ó centro, problemas de traballo en horas de titoría,distancia). A comunicación cos pais é moi importante tras cada avaliación. O centro establece **que pais e nais deben entregar os resgardos dos boletíns debidamente asinados a cada titor-a**, para así poder constatar que están informados das notas dos seus fillos-as.

**6-9-2 CANDO SE AVALÍA?**

Realizarase unha avaliación inicial, ó inicio de curso e en cada inicio da unidade correspondente para partir dos coñecementos previos do alumnado. Unha avaliación formativa ó longo do proceso. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo, polo menos, tres sesións de avaliación. A persoa titora recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións das distintas materias e/ou ámbitos, o grao de desenvolvemento das competencias

básicas, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno e ao grupo no seu conxunto. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fose o caso. A última destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Nos primeiros días do mes de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria. Cando un alumno ou alumna non se presente á proba extraordinaria dunha materia, nos documentos de avaliación farase constar «non presentado» (NP).

Cando o progreso dunha alumna ou alumno nunha materia non sexa o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo

As avaliacións normalmente corresponderán coa finalización de cada trimestre. Agás nos ciclos formativos, FP básica, adultos e bacharelato.

- **No 2º curso de Bacharelato**\_ A avaliación final desenvólvese no mes de maio, será a CIUG, a que determinará en cada curso a data de avaliación final que virá determinada polas ABAU.
- **Nos ciclos formativos e na FP básica**: No segundo curso por mor da realización das FCT, avaliación será no mes de marzo e a extraordinaria no mes de xuño, agás o ciclo de Coidados auxiliares de enfermería que terá a avaliación ordinaria en xuño e unha extraordinaria en decembro.
- **Nas ensinanzas de adultos**: Haberá dúas datas diferentes de avaliación:
  - Ordinaria: Para os módulos 1 e 3 na segunda semana de febreiro, e para os módulos 2 e 4 na segunda semana de xuño.
  - Extraordinaria: Para os módulos 1 e 3, na segunda semana de maio. Para os módulos 2 e 4 no mes de setembro.

### **6-9-3 AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

A labor de coordinación da recuperación de materias pendentes será desenvolvida polo xefe ou xefa de cada departamento xunto coa xefatura de estudos.

Cada departamento marcará a forma de avaliar as materias pendentes e a xefa de estudos informará a cada titor do programa de recuperación de pendentes e das datas de entrega de materiais para ser avaliado. O titor-a informará ás familias e o alumnado. **Ao comezo de cada curso académico dende, xefatura de estudos, subministrárase aos diferentes departamentos, os listados co-as alumnos-as con materias pendentes. Cada departamento adxudicará a estes alumno-as con materias pendentes un-a profesor-a**

**encargado de facer o seguimento do seu proceso de recuperación e avaliación .**

**O Instituto comunicará ó alumnado e a súas familias, a través dos titores-as, as materias por recuperar e o nome do profesor-a encargado de facelo, as datas de exames, materias que non se cualifican mentres non se supere a do curso anterior . O profesorado encargado das pendentes comunicará á xefatura de estudos, ós-e ás titores-as e o alumnado, o calendario de probas e traballos a realizar,os contidos mínimos esixibles e os materiais e recursos didácticos a utilizar**

Lecturas recomendadas.

Libros de consulta.

Cadernos de exercicios.

Recursos en formato dixital

As datas de realización de probas e/ou entrega de traballos

Á marxe da maneira que cada departamento estableza para as as recuperacións, o alumnado terá dereito a un exame **antes de finalizar o mes de maio**, que estará debidamente publicitado. A sesión de avaliación será en maio.Terán tamén dereito a unha avaliación extraordinaria en setembro.

Tanto titores, coma profesores e xefes de departamento das correspondentes materias, farán un seguimento da evolución deste procedemento dende o comezo do curso, poñendo especial énfase en que o alumno coñeza o antes posible as datas de exames e/ou presentación de traballos e ao profesor que o avaliará, establecendo con este unha comunicación fluída ata a conclusión do proceso.

Neste sentido, os departamentos didácticos, ou os órganos de coordinación didáctica, que correspondan, informarán o comezo do curso lectivo a estes alumnos sobre os contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para a superación das diferentes materias del dependentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos e os criterios de cualificación aplicables. Estes criterios de avaliación de pendentes serán recollidos nas programacións dos diferentes departamentos

En canto ás materias pendentes, serán avaliadas polos profesores das mesmas,e polo profesor que nese momento imparta a materia ou ben polo xefe-a de departamento. Non obstante, cando as devanditas materias non teñan continuidade no curso seguinte, será o xefe do departamento correspondente quen asuma a súa avaliación.

**Nos ciclos formativos a avaliación de pendentes realízase antes de concluír o período ordinario de avaliación, é dicir antes do mes de marzo**, para que o alumnado poda recuperar os módulos suspensos antes da avaliación e da realización da FCT, en caso de non superar as materias pendentes deberá esperar ó mes de xuño para superalas.Será o xefe de departamento o coordinador e nas reunións de inicio de curso dos departamentos, determinaranse cando se farán, que profesorado fai as recuperacións, en principio estas decisións serán tomadas de forma consensuada . Xeralmente os encargados da recuperación serán, o xefe de departamento, o profesor que



imparta a materia nese curso ou ven o profesor que a impartiu o curso anterior, en caso de non chegar a un acordo, será o xefe de departamento quen coordine e avalíe. O profesorado encargado de avaliar as materias pendentes, informará ó alumnado do correspondente procedemento de recuperación das áreas, materias, módulos ou ámbitos na convocatoria extraordinaria.

As datas de realización de probas de recuperación volveranse recordar mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Instituto uns días antes da súa celebración e, sempre que sexa posible, poderase utilizar para estes efectos a páxina web do instituto.

As cualificacións finais ordinarias de materias pendentes comunicaranse mediante a emisión do correspondente boletín de notas. O profesor-a encargado de avaliar as materias pendentes, informará ó alumnado do correspondente procedemento de recuperación das áreas, materias, módulos ou ámbitos na convocatoria extraordinaria.

#### **6-9-4 ORIENTACIÓN SOBRE COMPETENCIAS A AVALIAR**

As competencias, por tanto, se conceptualizan como **un «saber facer»** que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación de leste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran. As competencias crave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. Esta vinculación favorece que a consecución dos devanditos obxectivos ao longo da vida académica leve implícito o desenvolvemento das competencias crave, para que todas as persoas poidan alcanzar o seu desenvolvemento persoal e lograr unha correcta incorporación na sociedade. Un enfoque metodolóxico baseado nas competencias crave e nos resultados de aprendizaxe leva importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, cambios na organización e na cultura escolar; require a estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino.

As competencias clave recollidas na LOMCE son 7:

a) **Comunicación lingüística CCC.** A competencias en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. A comunicación en linguas estranxeiras esixe tamén posuír capacidades tales como a mediación e a comprensión intercultural. Esta competencia contribúe á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e co entorno. Aprender a comunicarse é establecer lazos con outras persoas, é acercarnos a novas culturas que adquiren consideración e afecto na medida que se coñecen. O desenvolvemento da competencia lingüística é crave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.CMCT**

**c) Competencia dixital.CD**

**d) Aprender a aprender.CPAA**

**e) Competencias sociais e cívicas.CSC**

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor SIE.**

**g) Conciencia e expresións culturais.CEC**

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, establecidos no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e a concreción que fagan os centros no seu proxecto educativo. Terá como referentes as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa. Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

**a) Competencia en comunicación lingüística:** A competencias en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. A comunicación en linguas estranxeiras esixe tamén posuír capacidades tales como a mediación e a comprensión intercultural. Esta competencia contribúe á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e co entorno. Aprender a comunicarse é establecer lazos con outras persoas, é acercarnos a novas culturas que adquiren consideración e afecto na medida que se coñecen. O desenvolvemento da competencia lingüística é crave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.

**b) Competencia matemática:** Habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral.

**c) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** Habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión dos sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos.

**d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital:** Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e

transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección da información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

e) **Competencia social e cidadá:** Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Adquirir esta competencia supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

f) **Competencia cultural e artística:** Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.

g) **Competencia para aprender a aprender:** Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continualo de maneira autónoma. Supón tamén poder proxecto desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Implica admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e encontrar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos.

h) **Competencia na autonomía e iniciativa persoal:** Esta competencia refírese á posibilidade de optar cun criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

### **O BACHARELATO**

É unha ensinanza postobligatoria polo que, debe ser unha etapa de consolidación das competencias adquiridas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria e así tanto a LOE. como o **Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia** (D.O.G. Nº 120, 23-xuño-2008) establecen como finalidade nesta etapa *“proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e **competencia**, así como capacitarse para o acceso á educación superior”*.

### **ESA**

Por último, segundo o artigo 3 da **Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia** (D.O.G. Nº 142, 23-xullo-2008), *“o currículo das ensinanzas básicas iniciais e da educación secundaria para persoas adultas oriéntanse ao logro das competencias básicas”*.

Todas as competencias citadas anteriormente teñen as seguintes **características:**

- Proporcionan a capacidade de saber facer, é dicir, de aplicar os coñecementos a os problemas da vida profesional e persoal.
- Son susceptibles de axeitarse a unha diversidade de contextos.
- Teñen un carácter integrador, agrupando os coñecementos, os procedementos e as actitudes.
- Permiten integrar e relacionar os aprendizaxes cos distintos tipos de contidos, utilízalos de maneira efectiva e aplícalos en diferentes situacións e contextos.
- Deben ser aprendidas, renovadas e mantidas ao longo de toda a vida.
- Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:
- Adaptar o proceso da ensinanza-aprendizaxe á sociedade actual, en continuo cambio.
- Transformar o concepto tradicional da ensinanza baseado na adquisición de coñecementos nun concepto moderno de aprendizaxe baseado na capacidade de resolver situacións ao longo da vida.

## **7- PROCEDIMIENTO PARA A DERIVACIÓN DO ALUMNADO A PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As medidas de atención á diversidade son as que seguen:

- Adaptacións do currículo
- Integración de materias en ámbitos
- Agrupamentos flexibles
- Apoio en grupos ordinarios
- Desdobramentos de grupos
- Oferta de materias específicas
- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento
- Outros programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Os centros terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis.

## **8- PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO**

**Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**8-1-PROMOCIÓN ESO** *Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa*

### **8-PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

**8-1 PROMOCIÓN NA ESO** *promocionará o alumnado que aprobe todas as materias ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.*

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas. A excepcionalidade da promoción terá en conta ademais conforme ó aprobado en CCP (27/06/2017) as condicións seguintes: a) Ter amosado interese en cada unha das materias suspensas ao longo do curso. b) Realizar os exames de setembro.



**8-2 PROMOCIÓN PMAR** O alumnado que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento promocionará ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para os alumnos que finalicen a etapa despois de cursar un programa de aprendizaxe e rendemento o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ó programa. (Conforme resolución do 9 de xuño da Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa).

**8-3 TITULACIÓN 4º da ESO** Os alumnos de 4º da ESO que teñan 1 ou 2 materias suspensas obterán o título de Graduado en Educación Secundaria se cumpren cada unha das condicións seguintes :

A) Que non sexan simultaneamente Lingua galega e literatura e Matemáticas ou lingua castelá e literatura e matemáticas. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria considéranse como materias distintas.

B) Ter amosado interese en cada unha das materias suspensas ao longo do curso e realizar os exames de setembro . Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o quipo docente considere que o alumno au alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquisición as competencias correspondentes.

O equipo docente deberá determinar de maneira razoada a súa titulación tendo en conta que a natureza e o peso das materias suspensas non lle impidan alcanzar as competencias e os obxectivos da etapa. -Requirirá o acordo favorábel da maioría simple do equipo docente.

A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de "non presentado/a" (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria. O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no

cuarto curso. \* En todo caso, esta distinción adoptárase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignárase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica. Resolución do 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa

#### **8-4 BACHARELATO**

Información recollida nas ordes e decretos seguintes:

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.*
- *Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### **PROMOCIÓN E REPETICIÓN:**

- Para promocionar de 1º a 2º hai que superar as materias cursadas ou ter avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.
- Para a promoción só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque
- Os alumnos e alumnas **poderán repetir cada un dos cursos** de Bacharelato **unha soa vez como máximo**, se ben excepcionalmente poderán repetir un dos cursos una segunda vez, previo informe favorable do equipo docente.
- A consellería establecerá as condicións nas que un alumno ou alumna que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poida pasar ao segundo nunha modalidade distinta.
- Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou optar por repetir o curso completo.

#### **CUALIFICACIÓNS:**

##### **8-2-2 Cualificacións.**

Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, considerando negativas as inferiores a cinco. Nas actas de

avaliación da convocatoria da proba extraordinaria de setembro, se o alumnado non se presentase a ela, consignarase como non presentado

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI estará condicionada á superación das materias de primeiro curso indicadas en dito anexo, por implicar continuidade.

1º CURSO DE BACHARELATO	2º CURSO DE BACHARELATO
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira Lingua Estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Análise Musical I	Análise Musical II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
Física e Química	Física/Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía/Xeol

#### TITULACIÓN:

- O Título de Bacharel facultará para acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior.
- Para obter o título de Bacharel será necesaria unha avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato, así como unha cualificación final de Bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

#### ANULACIÓN DE MATRÍCULA:

- O alumnado poderá solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro docente, **antes do 30 de abril**, cando circunstancias de doenza prolongada, incorporación a un posto de traballo ou obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos.
- A solicitude, á que cumprirá achegar as xustificacións pertinentes, será resolta nun prazo de 10 días pola dirección do centro. No caso dos centros privados, a competencia da devandita anulación corresponderalle ao director ou á directora do centro público a que estea adscrito.

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

- Na organización dos estudos de Bacharelato prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. Neste sentido, correspóndelle a Consellería establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e no seu caso os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.
- A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente.

## **8-5 CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

### **8-5-1 Cualificacións.**

1. A cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre 1 e 10, sen decimais, agás no de formación en centros de traballo (FCT) que se cualificará como «apto/apta», ou «non apto/non apta». Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

2. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos validados ou exentos non se poderán computar para os efectos de cálculo de cualificación final do ciclo formativo.

### **8-5-2 Titulación.**

1. Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.

2. Os títulos de técnico e técnico superior teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio do Estado; acreditan as cualificacións profesionais, as unidades de competencia incluídas no título e a formación que conteñen.

3. A superación dun ciclo formativo de grao medio dará dereito á obtención do título de técnico que corresponda. A superación dun ciclo formativo de grao superior dará dereito á obtención do título de técnico superior correspondente.

4-Quen non superase na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos terá dereito a que se lle expida un certificado académico dos módulos profesionais superados, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación ao Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Neste caso, as administracións laborais competentes expediránlle a quen o solicite o certificado de profesionalidade correspondente sempre que, a través das ensinanzas profesionais cursadas no sistema educativo, obtívase a certificación académica que acredite a superación dos módulos profesionais asociados a unidades de competencia que conformen ese certificado de profesionalidade

## **8-6 ENSINANZAS DE ADULTOS**

### **Promoción ao ámbito seguinte**

*Os módulos I, II, III ou IV de cada ámbito da educación secundaria avaliados positivamente ou promovidos con avaliación negativa quedan superados, polo que non é necesario volver cursalos.*

- a) Segundo a normativa vixente, os alumnos-as ou os seus representantes legais poderán reclamar, perante a dirección do centro, contra as cualificacións finais ou parciais, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:
  - Inadecuación dos obxectivos e comidos da materia sometida a avaliación e do nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.
  - Incorrecta aplicación dos criterios da avaliación establecidos.
- b) No suposto de que se ratifique por parte do centro a cualificación outorgada e o/a alumno/a o manifieste expresamente, o director remitirá o expediente á xefatura do departamento territorial, que, tras o informe da inspección educativa, fará a resolución procedente no prazo de dez días naturais. Contra a resolución do xefe provincial poderá interpoñerse recurso perante o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na forma e nos prazos establecidos na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A avaliación vén regulada no capítulo VII da Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG do 23 de xullo).

Dada a diferenza de datas ñas que durante o curso se van impartir os módulos nos que se organizan os diferentes ámbitos de coñecemento, conven facer algunhas puntualizacións que afectan á avaliación relativa ao alumnado dos distintos módulos:

- Coa finalidade de mellorar o nivel de coñecementos, os alumnos que teñen superado o primeiro ou o terceiro módulo da educación secundaria para persoas adultas poderán volver a cursar estes módulos no primeiro cuadrimestre, sempre a cando a dispoñibilidade de prazas no centro o permita. En todo caso, os módulos xa superados non poden volver ser avalados.
- O alumnado que curse durante o primeiro cuadrimestre os módulos primeiro ou terceiro e non se promova ao módulo seguinte, durante o segundo cuadrimestre poderá asistir ás clases de afondamento ou repaso que para cada ámbito de coñecemento estableza o centro e condicionalmente matricularse dos ámbitos seguintes, sempre que se siga escolarizado no mesmo centro. O equipo de profesores decidirá sobre a conveniencia ou non do establecemento destas clases do que dará coñecemento á inspección educativa. Cando se organicen

estas clases, o alumnado que asista poderá ser avalado na data que estableza o centro para a avaliación extraordinaria do mes de maio. No caso de que o resultado da avaliación fose positivo ou de que o profesorado acordase a promoción ao módulo seguinte sen cualificación positiva, no mes de xuño, o alumno poderá ser avalado do módulo ao que se promove sempre que asistirá con regularidade as clases correspondentes.

- O alumnado que se matricule condicionalmente dun módulo por ter sen superar o equivalente anterior ten que superar o precedente antes de avalarse do seguinte.
- No caso de realizar cambio de centro non se poderá matricular dun ámbito se non se ten o anterior superado.
- Cando a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais o permita, os centros educativos dedicarán un período lectivo semanal para repaso e afondamento nos coñecementos de cada ámbito aos que se refiren os apartados anteriores, e deberán agrupar o alumnado en función das súas necesidades e dos seus intereses. Todo iso quedará reflectido no horario do profesorado encargado de levar a cabo o seu desenvolvemento.
- Cando un alumno ou unha alumna estea matriculado nun centro no que se impartan simultaneamente os catro módulos de cada ámbito da educación secundaria para adultos, e non supere o módulo que cursou no primeiro cuadrimestre, poderá matricularse do mesmo no segundo cuadrimestre, sempre que renuncie á avaliación extraordinaria de maio.

## 9- MATERIAS IMPARTIDAS NA ESO SEGUNDO A LOMCE

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
			ENSINANZAS ACADÉMICAS	ENSINANZAS APLICADAS
1) Bioloxía e Xeoloxía (4h) 2) Xeografía e Historia (3h) 3) Lingua Castelá e Literatura (4h) 4) Lingua Galega e Literatura (4h) 5) Matemáticas (5h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) 9) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 10) Materia de Libre Configuración (autonómica ou do centro), reforzo e/ou afondamento (1h) 11) Tutoría (1h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)	1) Física e Química (3h) 2) Xeografía e Historia (3h) 3) Lingua Castelá e Literatura (3h) 4) Lingua Galega e Literatura (3h) 5) Matemáticas (5h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Música (2h) 9) Tecnoloxía (3h) 10) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 11) Materia de Libre Configuración (autonómica ou do centro), reforzo e/ou afondamento (1h) 12) Tutoría (1h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)	1) Bioloxía e Xeoloxía (2h) 2) Física e Química (2h) 3) Xeografía e Historia (3h) 4) Lingua Castelá e Literatura (3h) 5) Lingua Galega e Literatura (3h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Música (2h) 9) Tecnoloxía (2h) 10) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) 11) Tutoría (1h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Matemáticas académicas (4h) 2) Matemáticas aplicadas (4h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 2) Cultura Clásica (2h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)	1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) 4) Matemáticas Académicas (4h) 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Tutoría (1h)  <b>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</b> 1) Bioloxía e Xeoloxía (3h) 2) Economía (3h) 3) Física e Química (3h) 4) Latín (3h)	1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) 4) Matemáticas Aplicadas (4h) 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Tutoría (1h)  <b>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</b> 1) Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h) 2) Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h) 3) Tecnoloxía (3h)
<b>Materias de LC autonómica:</b> - Educación Financeira - Investigación e tratamento da información. - Oratoria - Paisaxe e sustentabilidade. - Programación. - Promoción de estilos de vida saudable. - Xadrez.			<b>ELIXIR DÚAS</b> 1) Artes Escénicas e Danza (3h) 2) Cultura Científica (3h) 3) Cultura Clásica (3h) 4) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h) 5) Filosofía (3h) 6) Música (3h) 7) Segunda Lingua Estranxeira (3h) 8) Tecnoloxías da Información e a Comunicación (3h) 9) Unha materia troncal non cursada da súa opción (3h)  <b>ELIXIR UNHA</b> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)	

## **10 MATERIAS DE BACHARELATO E CONTINUIDADE**

### **a- Materias troncais NO IES LAURO OLMO**

- Bioloxía e Xeoloxía
- Bioloxía
- Debuxo Técnico
- Economía da Empresa
- Economía
- Filosofía
- Física e Química
- Física
- Grego
- Historia da Arte
- Historia da Filosofía
- Historia de España
- Historia do Mundo Contemporáneo
- Latín
- Literatura Universal
- Matemáticas
- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais
- Primeira Lingua Estranxeira
- Química
- Xeografía

### **b- Materias específicas**

- Análise Musical
- Anatomía Aplicada
- Ciencias da Terra e do Medio Ambiente
- Cultura Científica
- Educación Física
- Filosofía
- Historia da Música e da Danza
- Linguaxe e Práctica Musical
- Psicoloxía
- Segunda Lingua Estranxeira
- Tecnoloxía Industrial





- Tecnoloxías da Información e da Comunicación

### **Materias de libre configuración autonómica**

- Lingua Galega e Literatura

### **Materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes en Bacharelato:**

- Métodos Estatísticos e Numéricos
- Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia
- Xeografía e Historia de Galicia
- Electrotecnia

## CONTINUIDADE DE MATERIAS DE BACHARELATO

(A superación das materias de 2º curso que se sinalan estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º curso. Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de 2º sen cursar a correspondente materia de 1º, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º)

1º DE BACHARELATO	2º DE BACHARELATO
Lingua Castelá e literatura I	Lingua Castelá e literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Primeira Lingua estranxeira I	Primeira Lingua estranxeira II
Matemáticas I	Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Latín I	Latín II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Grego I	Grego II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxías da información e a comunicación I	Tecnoloxías da información e a comunicación II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Física e Química	Física / Química
Biloxía e Xeoloxía	Bioloxía/ Xeoloxía

## **11- MATERIAS DE FP BÁSICA E CICLOS FORMATIVOS**

### **CM PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR**

<b>Materias</b>	<b>Grupos</b>	<b>Horas</b>
Imaxe Persoal e Hábitos Saudables	1ºCM	5
Cosmética Capilar para Peiteado	1ºCM	6
Analise Capilar	1ºCM	4
Márketing e venda en Imaxe Persoal	2ºCM	4
Estética de mans e pes	1ºCM	4
Peiteado e estilismo masculino	1ºCM	3
Peiteado e recollidos	1ºCM	10
Coloración capilar	2ºCM	12
Técnicas de corte de cabelo	2ºCM	12
Cambios de forma permanente do cabelo	2ºCM	5
FOL 1º Peiteados e Cosmética Capilar	1	4
Empresa e iniciativa 2º Peiteados e cosmética Capilar	1	3

### **CM COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA**

<b>Materias</b>	<b>Grupos</b>	<b>Horas</b>
Operacións administrativas e documentación sanitaria	1	2
Promoción da saúde e apoio psicolóxico ó paciente	1	6
Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	1	6
Técnicas básicas de enfermería	1	12
Técnicas de axuda odontolóxica/estomatolóxica	1	6
FOL C. M. Enfermería	1	2
RET- C. M. Enfermería	1	2

## CM DE ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS

Materias	Grupos	Horas
Sistemas de carga e arranque	1º CM	8
Circuitos Eléctricos	2º CM	10
Motores	1ºCM	5
Circuitos de Fluídos	1ºCM	8
Mecanizado Básico	1ºCM	4
Sistemas de transmisión e freado	1ºCM	7
Sistemas auxiliares do motor	2ºCM	14
Sistema de seguridade e Confort	2ºCM	9
FOL- 1º Electromecánica Vehículos	1	4
Empresa e iniciativa 2º Electromecánica Vehículos	1	3

## FP BÁSICA

Amóbiles	FPB1º	7
Mecanizado e Soldadura	FPB1º	6
Preparación de superficies FPB 1º	FPB1º	5
Electricidade do vehículo	FPB2º	7
Mecánica do vehículo	FPB2º	11
Titoría FPB1º	1ºFPB	1
TitoríaFPB2º	2ºFPB	1

## **CM INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS**

Materias	Grupos	Horas
Electrotecnia	1ºCM	8
Instalacións eléctricas de distribución	2ºCM	9
Electrónica1	1ºCM	4
Automatismos e cadros eléctricos	1ºCM	12
Automatismos industriais	1ºCM	8
Instalac. Comúns de telecomunicacións	2ºCM	7
Fotovoltáicas	2ºCM	3
Mantemento Maquinas eléctricas	2ºCM	7
Instalacións Domóticas	2ºCM	7
FOL - 1º C. M. Electricidade	1	4
Empresa e Iniciativa- 2º C. M. electricidade	1	3

## CS DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Materias	Grupos	Horario
Xestión Docu. Xurídica e Empresarial	1ºCS	3
RR. HH	1ºCS	3
Proceso Integral Actividade Comercial	1ºCS	5
Xestión e recursos humanos	2ºCS	6
Xestión Financeira	2ºCS	7
Contabilidade e Fiscalidade	2ºCS	9
Simulación Empresarial	2ºCS	8
Ofimática e proceso de Información	1ºCS	9
Comunicación e atención á clientela	1ºCS	6
Procesos de Xestión Administrativa	2ºCS	4
FOL CS Admon e Finanzas	1	4

## CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Técnica contable	1ºCMX	5
Operac aux de xest de tesouraría	1ºCMX	6
Tratamento da documentación contable	2ºCMX	6
Tratamiento informático da información	1ºCMX	10
Operacións Administrativas de Compravenda	1ºCMX	5
Empresa na aula	2ºCMX	9
Comunicación empresarial e atención á clientela	2ºCMX	7
Empresa e Administración	2ºCMX	7
Operacións administrativas e de recursos humanos	2ºCMX	7
FOL C. M. Xestión administrativa	1º CMX	4

## ZM DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

MATERIAS	Grupos	Horas
Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.	1	5 h
Destrezas Sociais	1	5h
Primeiros auxilios	1	2h
Apoio Domiciliario	1	9h
Apoio á Comunicación	1	3h
Teleasistencia	1	4h
Empresa e Iniciativa Emprendedora	1	2h
FOL	1	2h
Características e necesidades de Persoas en Situación de dependencia	2	6h
Atención e Apoio Psicosocial	2	9h
Atención Sanitaria	2	8h
Atención Hixiénica	2	3h

## 12- OBTENCIÓN MATRÍCULA DE HONRA

### • OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

*Segundo a resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Matrícula de honra: o alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo en cuarto curso. En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP e ven realizando os últimos anos serán:

- Mellor nota media global na ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 4º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º da ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 3º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º da ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO
- En caso de empate, farase a sorteo.

Ao sorteo público asistirá convocado pola xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra, poden asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos . Estarán presentes a directora, os titores ou titoras de 2º de bacharelato e o secretario do centro, quen levantará a acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.

### • OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA EN 2º BACHARELATO

Matrícula de honra. Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato **unha nota media igual ou superior a nove puntos** poderán recibir a mención de matrícula de honra. Dita mención concederáse a un número de alumnos e alumnas non superior ao 5% do total de alumnado deste curso

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.

A concreción curricular do bacharelato incluírá nas directrices xerais os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP



e ven realizando os últimos anos serán:

- Mellor nota media en 2º bacharelato.
- En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:
  - o Maior número de materias cualificadas cun 10.
  - o Maior media de materias cualificadas cun 9.
  - o Media de 1º de bacharelato.
  - o Número de materias cualificadas cun 10 en 1º Bacharelato.
  - o Número de materias cualificadas cun 9 en 1º Bacharelato..
  - o En caso de persistir empate, farase un sorteo público.
- Ao sorteo público asistirá convocado pola xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra, poden asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos . Estarán presentes os titores ou titoras de 2º de bacharelato e o secretario do centro, quen levantará a acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.

### **13- HORARIOS DO CENTRO:**

No IES Lauro Olmo temos xornada continua ,o que permite que os alumnos-as dispoñan de máis tempo libre para organizar o seu estudo e realzar actividades de lecer.O horario ven establecido polas horas lectivas de cada ámbito, módulo ou materia.

Debido ó amplo abano de ensinanzas impartidas no centro establecemos o seguinte horario:

#### **ALUMNADO DE ESO, BACHARELATO E CICLOS EN HORARIO DE MAÑÁ: As clases son de 50 minutos.**

**De 8:30 a 14:10** con dous recreos de 20 minutos(de 10:10 a 10:30 e de12:10 a12:30).

**PARA ESO E BACHARELATO Os luns hai clase pola tarde desde ás 15:40 ás 17,30**

**NOS CICLOS** O alumnado de Ciclos Formativos ten un horario de 36 horas semanais mais unha hora de titoría, polo que asiste ó centro dúas tardes á semana, que se distribúen de luns a xoves, As clases da tarde son de **15,40 a 18,10**

#### **ALUMNADO DE ADULTOS: As clases son de 45 minutos.**

Dende as **15,45 horas ata as 20,30** do serán para o alumnado de Educación Secundaria de Adultos.

O Nivel I e II terán clases de **15,30 a 18,30** xa que só teñen 12 horas á semana.

#### **ZM Atención a Persoas en Situación de dependencia (en réxime de adultos)**

No ciclo modular as clases se desenvolven entre as **15,45 horas e as 21,30 horas**, en función dos módulos ofertados cada ano.

#### **SECCIÓN DELEGADA DA EOI**

O horario varía en función dos grupos, de luns a venres entre **15,30 e 21,30 horas.**